

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 14, 7-14

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Se me coñecédes, coñeceríades tamén a meu Pai; aínda que xa desde agora o coñecedes e o tedes visto.»

Filipe díxolle:

– «Señor, móstranos o Pai e abóndanos.»

Xesús replicoulle:

– «Pero, Filipe, ¿levo tanto tempo convosco e aínda non me coñeces? Quen me viu a min, viu o Pai. ¿Como dis entón: "Móstranos o Pai"? ¿Non cres que eu estou no Pai e o Pai en min? As palabras que eu vos digo non as falo pola miña conta; é o Pai, que permanece en min, quen fai as súas obras. Crédeme que eu estou no Pai e o Pai en min. Se non, polo menos crede por esas mesmas obras.

Con toda verdade volo aseguro: quen cre en min, fará el tamén as obras que eu fago, e faraaas meirandes aínda, pois estou para irme onda o Pai; e o que pidades no meu nome, heino facer, para que o Pai sexa glorificado no Fillo.

Se algo me pedides no meu nome, eu fareino.»